

Resolución pola que se amplía o prazo de realización do cuarto exercicio das probas selectivas convocadas por resolución reitoral do 26 de novembro de 2021 para o acceso á escala de xestión, subgrupo A2, pola quenda de acceso libre.

A realización do terceiro exercicio da fase de oposición correspondente ao proceso selectivo que se cita finalizou o día 7 de novembro de 2022.

Á vista da proposta do tribunal cualificador, o reitor tendo en consideración as circunstancias de carácter organizativo que concorren e de conformidade co establecido no artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, resolve:

Ampliar o prazo máximo establecido no artigo 16 do Real decreto 364/1995 para estes supostos, sempre que non exceda da metade do mesmo, para a realización do cuarto exercicio do proceso selectivo para acceso á escala de xestión.

Contra esta resolución de ampliación de prazo non cabe ningún recurso, de acordo co disposto no artigo 32.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela

O reitor  
Antonio López Díaz

|  |
|--|
| Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015). |
|--|

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,  
21/11/2022 11:32:32.

**CSV:** 0036-A478-4254-8C22